

BANDO

LUMEIRADAS DE SAN XOÁN E SAN PEDRO

BERNARDO FERNANDEZ PIÑEIRO, ALCALDE DO CONCELLO DE PONTEDEUME

Estando próximas as celebracións das noites de San Xoán e San Pedro, coas tradicionais fogueiras e sendo preciso controlar o cumprimento da normativa vixente,

Tendo en conta a emerxencia sanitaria derivada da pandemia da COVID-19, debido ás diferentes normas que regulan o estado de alarma, así como ás Ordes do Ministerio de Sanidade SND/414/2020, SND/440/202, SND/445/2020 e SND/458/2020,

En cumprimento do establecido na lei 3/2007 de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia e da lei 7/2012 de 28 de xuño, de montes de Galicia, **DISPOÑO**:

PROHIBIR AS LUMEIRADAS DE SAN XOAN E SAN PEDRO NAS PRAIAS DO CONCELLO DE PONTEDEUME dado que as medidas de seguridade de obrigado cumprimento derivadas das Ordes do Ministerio de Sanidade e as instrucións da Xunta de Galicia, inclúen medidas preventivas en aras a protexer á veciñanza, facultando aos Concellos a tomar as medidas necesarias para evitar o avance da pandemia, polo que,

- As fogueiras poderán ser prendidas entre as 19:00 horas dos días 23 e 28 ata as 02:00 horas do día 24 e 29.
- En ningún caso as fogueiras se situarán nas praias do Concello de Ponte deume, así como tampouco se poderán utilizar os espazos públicos para realizar as fogueiras ou concentracións lúdicas para así evitar calquera tipo de rebrote pola covid-19.
- Queda prohibida a realización de fogueiras en calquera tipo de vía pública pavimentada, parques, xardíns ou zonas verdes en Xeral, derivado da necesidade de manter as medidas de seguridade pola situación derivada do COVID.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

- Así mesmo, queda prohibida a instalación nos lugares anteriormente indicados de calqueira elemento portátil para preparar alimentos no exterior (barbacoas ou similares).

- Lémbrese que as persoas que realicen fogueiras en propiedades **privadas deberán comunicar no Rexistro Xeral do Concello de Ponte deume**, as solicitudes estarán dispoñibles na Sede Electrónica do Concello de Ponte deume, e tramitaranse preferentemente por vía telemática. No caso de non poder acceder a esta forma de presentación, deberán presentarse no rexistro municipal en horario de 09:00 a 14:00 horas (neste caso previa cita chamando ao teléfono 981 43 30 54, opción 5), e como data límite o luns 22, o coñecemento e compromiso de cumprimento das seguintes normas:

-A fogueira estará situada a unha distancia mínima de 50 metros de vivendas, vehículos, instalacións, tendidos eléctricos ou telefónicos e zonas vexetais susceptibles de seren queimadas.

-A súa dimensión non superará os 4 metros de altura e os tres de diámetro.

-Non se queimarán residuos perigosos ou tóxicos tipo: neumáticos, aceites, plásticos, envases baleiros de aerosois, etc.

-Disporase no lugar dun sistema de extinción de incendios axeitado á proporción da fogueira.

-A fogueira permanecerá vixiada ata a súa total extinción, que deberá ser asegurada empapando os restos totalmente con auga.

-No caso de que se levante vento que poida dificultar a vixilancia e a extinción da fogueira, esta deberá suspenderse ou apagarse de inmediato.

-O solicitante sempre será o responsable dos danos e prexuízos que a fogueira ocasione.

NO CASO DE PROBLEMAS DEBERÁ CHAMAR AO 112.

O que se fai público para o seu coñecemento e debido cumprimento.

Grazas pola súa colaboración.

Documento asinado dixitalmente en Ponte deume, 18 de xuño de 2020, polo alcalde, Bernardo Fernández Piñeiro.

